



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 – Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 12 de decembro de 2017, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVIZOS.

4.3.- Dáse conta do expediente relativo ó investimento denominado “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DA BOUZA”, por importe de 48.430,82 euros e se informa que o expediente de adxudicación iniciouse por providencia de Alcaldía de data 30 de novembro de 2017 e que se pretende a súa adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, por non exceder a súa cuantía do límite sinalado no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, debendo solicitarse alomenos oferta de tres empresas capacitadas para a execución do obxecto do contrato. Engade que se acompaña proxecto técnico redactado pola Arquitecta Municipal e informe de Secretaría-Intervención en relación co procedemento a seguir e existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento municipal. Finalmente, que o investimento será financiado con aportación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, dentro do plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, segundo Resolución do director xeral de Agader de 11 de outubro de 2017, por importe de 40.025,47, existindo consignación na partida 153.61900 do vixente orzamento de gastos.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno:

- 1.- A aprobación do expediente de contratación da obra de “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DA BOUZA”, cun valor estimado de 40.025,47 euros e IVE por importe de 8.405,35 euros, cun total de 48.430,82 euros.
- 2.- A aprobación do inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, solicitando oferta ás empresas máis abaixo relacionadas, capacitadas para a execución do obxecto do contrato e concedendo un prazo para a presentación das mesmas de sete días hábiles a contar dende o día seguinte ó da recepción da citada invitación.
 - Pavimentos Industriais Fonteca SLU.
 - Cantería y Obras Manuel Vaqueiro SLU.
 - Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL.
- 3.- A aprobación do pliego de cláusulas administrativas particulares que a de rexe a execución do contrato.
- 4.- A designación de Dña. Pastora Parada Portas como Directora de Obra e responsable da prestación dos servizos de dirección, inspección, coordinación, supervisión e control de calidade da obra.
- 5.- A aprobación dun gasto por importe de 48.430,82 euros, aplicando o mesmo á partida 153.61900 do vixente orzamento de gastos.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa, a 18 de decembro de 2017.



Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Carlos Iglesias Cores



O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello